

# Opinión Galeguista

REDAICION E ADMINISTRACION:  
SAN JOSE 224  
U. T. 37-1559

República Argentina, 1 Decembro do 1934

Año I

PAXINA DA ORGAIZACION NAZONALISTA REPUBLICANA GALEGA DE BOS AIRES

Núm. 3

## FONDO PRA PROPAGANDA ELEITORAL DO PARTIDO GALEGUISTA

SOMENTES O APOIO DIREITO CONTRIBUIRA A ERGUER A NOSA PATRIA AO PRANO SUPERIOR QUE ABELAMOS. A O. N. R. G. CONSEQUENTE COS SEUS PRINCIPIOS LEVA A SUA VOZ FRATERNA A TODOS OS GALEGOS INVITÁNDOOS A XUNGUIR OS SEUS ESFORZOS PARA A LOITA QUE PODE TRAEER UNHA PROMISORA AURO-RA. OUA NOITE PECHA E TRÁIBIGA QUE SEGUIRÁ ESCURECENDO A ESTRELA DA LIBERTADE DA NOSA TERRA.

Vimos levando a carón da colei-vidade para levála ao prano de franca comprensión a que é mester chegar para que os esforzos e xun- greizos non resulten estériles e se gasten, inútilmente en loitas super- ficiais que truncan toda posibilida- de d'abordar decidida e resolta- mente os problemas fundamentais que á la a día se presentan na nosa Terra como unha necesidade de inmediata resolución par-o desenrolo normal de canto atinxe a vida e o benestar d'un pobo conscente da sua misión histórica.

Coidamos que a nosa situación de emigrados ten d'afitar mais os nosos sentimentos fraternales, que non deben ser mermados por si- tuacións escuras, porque a outa responsabilidade se resen en a' cábice- nos a todos co mesmo pano de honrosa galegitude. Xunguir os nosos esforzos, non é sementes unha necesidade limitada o marco da colei-vidade, senon que ten de ser tamén de apoio e colaboración cos irmáns da Terra que loitan por adequirir o xusto control das suas institucións. Pra esto é mester que a labouza seza bilateral; de proveito pra colei-vidade, e de axuda a Pátria, como fonte de orixen que nos honra e da lexítimo orgullo os nosos fogares.

A possibilidade que nos da un movemento constitucional de ver cum- pridos os nosos anseos, non nai qu'esquecela, por ser o meio d'expresión da vontade do pobo, dán- dolle a oportunidade de sinalar o futuro do seu propio porvir.

A ORGAIZACION NAZONA- LISTA REPUBLICANA GALE- GA non esquece esta importancia, e sabe tamén que o éxito d'unha loita electoral trócase moitas veces contraproducente se non hai pre- parado un organismo forte capaz de vencer as pasións mezquinas supe- ditandoas ao subríme intrés do po- bo. Pero estas loitas, que o remate teñen a grave consecuencia de non teo- izar nin polemizar, se non xus- gar craramente o estado de con- ciencia d'un pobo, non s'improvi- san e hai que prevelas pra logo non lairse ou condear acerbamente, sin dereito algún, un xuicio que los resultou adverso por culpa ciscru- siva da nosa situación.

A O. N. R. G. que arela ver fei- ta esa labouza práctica de que fa- lamos, espalla hoxe a sua voz age- rinoso a todos os afiliados e co- lei-vidade invitando a xunguir o seu sagrefizo formando un fondo de propaganda electoral do PAR- TIDO GALEGUITA, no seu ca- raute de partido nacional orgaizado e disciplinado, dirixido por homes de mais actiosaada honra e tra- dición galeguista, que conosen in- cruce os problemas mais miudos da nosa Terra, e, polo tanto, os únicos capaces d'erguer o nivel de vida do pobo. A ninguén escapará a importancia desta iniciativa como expresión eficaz e soio vieiro de práctica o verdadeiro galeguismo, levando a nosa axuda a unha cam- paña, que, pola sua importancia, como xa fica dito, debe atoparnos prevenidos, pra cando chegue a oca- sión, contribuir co noso apoio d'emigrados a espallar a propaganda reivindicadora da nosa cara e lon- xana Pátria.

De nada servirá que o noso es- prito se solevante diante unha so- turna situación, se non procuramos remediala; de nada servirá tampou- co empeñarse en destacar a outa situación d'unha sociedade ou Gru- po, porque o prestixio fúndase nos valores ecuménicos da nosa Terra. Por eso queremos estar prevenidos e xunter o noso aporte, para no istante dado, contribuir ao esforzo que existe unha forte campaña, que faga esperar a conciencia do noso pobo, reclamando o goberno das suas institucións, e facendo de Galicia ese Estado tan anseado que reclama a seguinte declaración de principios do Partido galeguista:

**GALICIA, UNIDADE CULTU- RAL.**—Afinamento das carac- terísticas da personalidade galega: lingua, arte, espírito.

**GALICIA, POBO AUTONOMO.**—Autodeterminación política de Galicia dentro da forma de go- berno republicana.

**GALICIA, COMUNIDADE COO- PERATIVA.**—A terra para o Traballo; o traballo para a Terra.

**GALICIA, CELULA DE UNI- VERSALIDADE.**—Anti-impe-

rialismo, federalismo internacio- nal, pacifismo.

Confiamos que o sano patriotis- mo de todos os galegos, non será desmentido neste nobre propósito, e dexamos ver que esta iniciativa atope eco nas sociedades irmáns de outros países, principalmente n'a- quelas que xa veñen loitando con definido senso galeguista.

A inscrición farase mediante unha suscrición mensual desde UN PE- SO, que irá a unha conta especial "FONDO DE PROPAGANDA",

e será remitido ao Partido Gale- guista no istante oportuno.

Xa damos comenzo a esta xene- rosa iniciativa coa inscrición mensual dos seguintes irmáns:

|                       |         |
|-----------------------|---------|
| O. N. R. G. ....      | \$ 5.—  |
| F. Lorenzo Rico ..... | " 2.—   |
| R. Prieta .....       | " 2.—   |
| J. I. Rivadulla ..... | " 2.—   |
| X. M. Domínguez ..... | " 2.—   |
| Liño Pérez .....      | " 2.—   |
| Xosé Barreiro .....   | " 2.—   |
| Xosé Barrio .....     | " 2.—   |
|                       | \$ 19.— |

O millor homaxe que lle pode- mos render á revolución, é calar

Velee a razón por qué suspendimos a conferencia anunciada

Informes concretos e un senso de responsabilidade ideoló- xica, eizenta de todo afán de bouteo e de toda crás de dema- goxia, moveron á Xunta Directiva da Organización Nazonalista Republicana Galega a deixar en suspenso a conferencia anun- ciada, na que se tratarían ouxetivamente as cuestións políticas que se relacionan coa recente revolución sofocada en Hespaña.

A os nosos asociados e simpatizantes, que agardaban con grande intrés ese acto, lles decimos: "O millor homaxe que lle podemos render á revolución, nestes momentos, é calar.

AMERICANO

BAIRO

APERITIVO DE ALTA CALIDAD



Profolo en  
las confiterias  
bars y en todos  
los buenos  
almacenes



NO ES MAS CARO QUE EL VERMOUTH  
Galego, beba AMERICANO BAIRO: Axude a quen nos axuda.

## Un frente único galeguista

Os emigrados teñen un outo deber patriótico que cumprir

Dirixímonos a todos os galegos sin distinción. Todos teñen un outo deber patriótico que cumprir: o d'axudarlle ó galeguismo que na terra nai trata d'erguer e Galiza e ó pobo galego.

Dirixímonos, sobre todo, ás institucións que nos seus estatutos afirman un propósito de reivindicación galega, a aquelas que chegaron xa a se convencer de que a única salvación de Galiza, como pobo diferenciado, está en que se vaia afirmando n-el unha verdadeira conciencia política, de que a única maneira de evitar que se eternice a súa escravitude e de que o pobo galego poida chegar algún día a redimirse d'ela, está no fíxarolo organizado dunha verdadeira forza política galeguista, inspirada nos programas concertados nos congresos do nacionalismo galego en Lugo e en Santiago, e dirixido pol-os homes de máis outa categoría moral e intelectual dentro do galeguismo.

En calquer pobo, resultaría difícil determinar unha agrupación que poidese xuntar en si todas esas cualidades. En Galiza, pol-a contra, non hai lugar a dúbidas n-este senso, porque, nin á dereita, nin á esquerda, nin no centro, existe outra forza política que presente todos es- requisitos máis que o Partido Galeguista.

Esto, simplemente, descalifica, desautoriza, toda dúbida acerca de qual é, na actualidade, o verdadeiro deber dos galeguistas emigrados, e sobre todo, das institucións que dicen manter nos seus principios ideolóxicos estatutarios os ideais galeguistas e nacionalistas que foron concertados as Irmandades da Fala primeiro, logo as Irmandades Nacionalistas, e derradeiramente superados pol-o Partido Galeguista.

Discutir isto, somentes demostraría ignoranza ou mala fe. Non decidires a cumprir co seu deber patriótico, significaría, nos homes e nas entidades de Bós Aires a que nos referimos, desmentir os seus principios e falsear os ideais redentores do nacionalismo galego. Pretender incompatibilidade teórica ou persoal entre uns e outros, unicamente probaría insinceridade, ganas de seguir empotando un programa que non se sinte e que se trata de usar unicamente pra sabotalo, pra dificultar e estorbar que se practique. Non dispoñerse, en fin, a unha acción común que produza siquera algún resultado práctico, positivo, eficaz, indicaría que todos es- que pretenden ser galeguistas, nacionalistas, separatistas, e todos es- outros "istas" habidos e por haber, se relaciona o que non é nada máis que malos galegos.

Non coidamos pesibre, a pesar de canto estamos vendo, tanta angustia espiritual entre os emigrados; tan baixos personalismos nin tanta incompreensión. Non coidamos tampouco que os homes que dirixen entidades con ideoloxía galeguista, se empeñen en sobrepoñer aínda agora os seus personalismos por riba dos programas societarios, desconecendo que lles deben servir lealmente os ideais tendo en conta que os homes que autúan son sempre cousas accidentais, "aves de paso", mentras as institucións e os principios quedan e perduran. Agardamos que se atenda o noso leal e nobre chamado patriótico, pra facer algo bo en favor de Galiza e da causa galega. Temos esperanza na conciencia de todos, porque todos, ó fin e ó cabo, traballamos con desinterés e un forza de sacrificio e xenerosidade, movidos por un fondo amor á nosa patria.

Facemos unha invitación aberta e fraternal, respetando todas as opinións e todas as actividades, pra que se forme canto antes un frente único galeguista en Bós Aires, con un programa mínimo, concreto, de axuda material e moral ó Partido que en Galiza representa os ideais redentores do pobo galego.

A existencia n-esta cidade de entidades declaradamente galeguistas, como a Federación de Sociedades Galegas, a Sociedade Nacionalista Pondega, a Organización Nacionalista Republicana Galega, e outras simpatizantes, como a Casa de Galicia e a Irmandade Artística e Cultural Ultra, animámonos a pensar na posibilidade de que a labor dos emigrados se concrete, por fin, en algo práctico que nos honre a todos, e que verdadeiramente mereza a gratitude da Patria.

Xa é tempo de que o galeguismo se probe con algo máis que con palabras: Con feitos.

**"LA MARINA"**  
XASTRERIA  
Artigos xerales pra homes  
DEFENSA 1102 - BOS AIRES

BEBA SOMENTES  
**Viño TORO**  
FORTALECE  
PORQUE E BO  
VINDEOS E BODEGAS  
GIOL S. A.  
BOS AIRES

## Os movementos nacionalistas e os partidos obreiros en Hespaña

Reproducimos dun artigo notable publicado por Andrés Nin, destacado dirixente comunista hespañol, os seguintes párrafos que se refiren ós movementos nacionalistas d'Hespaña:

"Todo movemento nacional tiene un contenido demócrático que el proletariado ha de sostener sin reservas. Una clase que combate encarnizadamente todas las formas de opresión no puede mostrarse indiferente ante la opresión nacional; no puede, con ningún pretexto, desentenderse del problema. La posición seudo-internacionalista, que niega el hecho nacional y preconiza la constitución de grandes unidades, sostiene prácticamente la absorción de las pequeñas naciones por los grandes, y, por lo tanto, la opresión. El proletariado no puede tener más que una actitud: apoyar el derecho indiscutible de los pueblos a disponer libremente de sus destinos y a constituirse en Estado independiente si ésta es su voluntad. "Ningún privilegio para ninguna nación, ningún privilegio para ningún idioma; Ninguna opresión, ninguna injusticia hacia la minoría nacional! He aquí el programa de la democracia obrera. Esto dijo Lenin."

Recomendámoslle a lectura e reflexión de estas verbas, ós dirixentes da Federación de Sociedades Galegas da rúa Bré. Mitre, que, como poden ver claramente, parecerían ter en col deste tema unhas ideas un pouco trabucadas, salvo que se pensen máis capacitados, avanzados e intelixentes, que Andrés Nin e que o propio Lenin.

Con moito gusto, si chegaran a entendelas, poderíamos entrar nun novo terreiro construtivo todos xuntos.



BARÓN DE VALERA, cun autuación ó frente do Fianna Fáil en Irlanda, demostra o resultado e o éxito da táctica autonómica, fronte ó fracaso en todas partes da táctica separatista, comprobado tamén agora en Cataluña.

### Na carne propia

As persecucións contra o Partido Galeguista.

Desde que s'apoderou do rixo governativo d'Hespaña a política de confesionario, tan ben representada por Xil Robles e máis outros, hastra Galicia s'está inzando d'odios. É unha ditadura botando as gadoupas a toda a democracia. En Santiago, preso Suárez Picallo; en Vigo trasladado Bóveda; en Pontevedra, preso Castela, logo ceibo e logo trasladado... Eles decátanse moi ben, os dictadores sempiternos do noso pobo, que un galego preso en Galicia, detrás d'unha reixa, aínda é libre porque lle queda a compasión de que está menos preso na carce que nas cadeas da escravitude da Terra. Son os homes do Partido Galeguista os que nai que botar das súas cátedras e estorbalos na súa campaña libertadoira. Aquela pacificación d'espritos de Lertoux, ben-a vemos: estase facendo cós nosos irmáns, sin culpa, a ferro quente. E hora de que renxan as plumas e os versos teñan frebe, á herx de que os oradores enriñen as moite-

dumes na varil protesta, é boa hora de que nos xuntemos pra ser galegos e facer aquí e aló unha forza aballadora de solidariedade. Horas d'amargura, de persecución e de loita; nós da gaxa acados pol-a tiranía; sofrires, padeceres e tristuras, vide coma unha espíña de cunrazos galegos pra irmauzarnos na acción, pra coñocernos; que nos persigan é o que queremos: Galicia a tralladas debe revirarse valente pra ser algo.

E hora de cita patriótica galega. Xuntemonos a cumprir cada un co seu deber.

Haí unha soia institución galega na Arxentina que fai verdadeira obra galeguista, axudando material e moralmente ó galeguismo de Galiza: a O. N. R. G.

**RADIO MENDEZ**  
O MEJOR QUE HAI EN RECEPTORES  
Aparellos modernos  
extranxeiros  
Técnica - Sonoridade  
Merque un  
PREZOS BARATISIMOS  
CASA MENDEZ  
LIBERTAD 71 - BOS AIRES

L. PERBIRA  
XASTRE MODERNO  
COCHABAMBA 3588

Gale  
Fame e  
Da miñ  
e-os oles  
zón ecugu  
ollos, por  
na vooce  
tir a sari  
razón alco  
E que, a  
espírito...  
reavolo an  
deixarem  
xunto Gal  
ogamos  
nos donz  
é o fillo  
fartura de  
Seicento  
E Galiza,  
boa e fer  
do mundo  
za, regates  
zuros e  
Betin-a  
Mál, a se  
as miñas  
¡Divina  
Nosa, que  
Nosa, que  
e-esta m  
soade nos  
zional q  
Galiza.  
Galiza:  
Como  
nada da  
n Galiza  
milla, va  
boira do  
é moza  
rica de c  
un respu  
dadol  
¡Tioze  
lingua se  
boira d  
dente no  
poetas e  
adveritas  
seco inter  
da Terra  
corza do  
mare gal  
pedra, no  
mentos,  
galego...  
BANC  
RI  
TI  
—Hó

# Galegos de Bos Aires: Axudaille ó Partido Galeguista, que é a única esperanza verdadeira de Galiza

## O VOLTAR DA PELENGRINAXE

Por RODOLFO PRADA

¡Fame e sede insatisfeitas!

De miña pelengrinaxe á Terra, veño e-os ollos revertendo beleza e co curazón acugulado de emoción. Pro, nin os ollos, por máis que pasaron sin acougo na verdecente paisaxe, chegaron a sentir a satisfacción da futura; nin o curazón alcantado colmado de sacrosantos. E que, a saudade, traballando o noso espírito nos longos anos de emigración, tentou nos hipercensurar, que enxamás deixáramos de sentir o desacougo lacrimante d'atopar sempre escasos os doces agarimos que a Galiza, ¡nosa Terra!, nos dona con xenerosa loquaxa. ¡Cal é o fillo, ben nado, que chega a sentir faturo de bicos e tremuras masticas!

Sedento de Galiza cheguei a Galiza. E Galiza, nai fermosa e boa, a nai boa e fermosa de todas as nais-patrias do mundo!, dézame tanta ala — paisaxe, regatos e montes, flores e toxos, páxaros e augas —, pra que a debere. Bebo-a e-o ollos e bebín-a e-a labia. Máis a sede seguiu, e augas, queimando as trizas animent.

¡Divina fame e sede divina de Terra Nosa, que xa non saciarei enxamás!

Non embarguemos, relouco de ledicia e-o lote máis bela beleza que traio eprouca nos ollos e-o, iste tesouro emocional que traio no meu curazón. ¡Ei Galiza!

Galiza: Novo Fénix.

Como o Fénix da lenda, a Galiza renaceu das suas cinzas. A Galiza probe, a Galiza velle, do roxo verso de Caballero, xa quedou atrás envolta na neblina dos anos idos. A Galiza d'hoje, é moza garrida, áxil, forte, eufórica, rica de corpo e rica de alma. E atopou un tesouro: ¡o tesouro da sua galeguidade!

¡Hoje Galiza xa se sente galega! A lingua sur, brila e canta á coiso nos bellos das suas noites. E luce viplendente nas páxinas limorentes dos seus poetas e dos seus prosistas. E nas artes adverteuse impetu de galeguidade; o músico interpreta as sinfonías maravilhosas da Terra; o pintor leva ós lenzos os cores do val, da montana, do ceo e do mar galego; e o escultor fai vivir na pedra, no mármol e no bronce os sentimentos, os dóis e as ledicias do pobo galego... ¡Ei Galiza, que xa eres galega!

O galeguismo.

O homez máis homez de Galiza, n-unha irmandade: o Partido Galeguista. Pra loitar rexamente pol-a liberdade da Terra. Pra conquistar o seu máisimo erguemento material e moral. Pra desentoiar as suas riquezas agro-pecuarias, forestal, mineira e pesqueira; e pra afrontar o tesouro espiritual da nosa raza. ¡E pra facer de cada fillo de Galiza un galego 100 x 100.

¡Se vin eu e-os meus fillos: que o Partido Galeguista conta e-os homes máis homez de Galiza. Homez, no senso máis outo que se lle dona á especie humana: os de corazón máis limpo; os de máis preciosa intelixenza; os de vida máis austera e máis reitadamente vivida; os que máis o mellor sinten e queren o sua patria; no seu caso: a patria galega. ¡Ei Galiza, que tes tes homez!

A irmandade ten brillo de estrelas e ten fogo de sol. Castela, Risco, Otero Pedraio, Risco, Otero Pedraio, Castela, Otero Pedraio, Castela, Risco (¡qué tanto montan; montan tanto!) Gómez Román, Vilar Ponte, Alexandre Bóveda, Plácido Castro, Paz Andrade, Sebastián González, Enrique Peinador, Álvarez Callego, Suárez Picallo, Peña Rey, del Riego, Banet Fontoula, Carrasco, Casas, Abella, Isid Ceuto, e mil máis... Cabaleiros do ideal galeguista. Guiceros da raza. ¡Ei Galiza, que tes tes fillos!

A irmandade — o Partido Galeguista —, ten brillo de estrelas e ten fogo de sol. Pro, non por iso a labouira é fácil, nin o camiño a percorrer é curto... ¡Ainda fican moitos "almas mortas", moitísimos cerebros as escurar, moitas curazóns pechadas! ¡Ainda se ten que canciñar moitísimo e a roita está chea de guixar: os: maldades, insompreziões...! ¡Ainda tem-o Sant-Iago a cabalo, o matamouros, nos altares de igrejas galegas! Que é tanto coma tel-a látego cistranxeiro baténdonos no lombo (o irmán Carrasco abofetando pol-a man bruta d'un cobarde teniente Ja guardia civil; os irmáns Castela e Bóveda desterra-

Insíñas do Partido Galeguista



Están a venda as insíñas do Partido Galeguista na nosa Segredaría, ó prezo de UN PESO. A estrela, a bandeira e a fonte, son os tres símbolos da redención galega. ¡Mostrea vstede, como proba do seu patriotismo!

dos e o noso Suárez Picallo preso, son tantos traballos nas nosas carnes). O Sant-Iago a cabalo, o Sant-Iago matamouros, e un cabalo de Troya: dentro d'il ista o espírito alleo, que aprastou e aldraxou ó espírito galego; dentro d'il está o imperialismo que abafou a nosa nacionalidade.

O Partido Galeguista botará fronteiras agora, a iso cabalo troyano. E quedarímonos co noso Sant-Iago: o humilde Sant-Iago pelengrino, o das conchas de vietas, e do adomén tenro, o do carate, apoiándose amorosamente na Terra nosa, na Terra que il soupo taquer tamén sua, pol-o amor, pol-a comprensión e pol-a doutrina de paz e de

musica que sementou pol-a Galiza adiante.

¡Ei Galiza, fork co metamorfo!

Met. mensaxe.

Galegos de Bos Aires, galegos do Plata: ¡o voso curazón e o voso obolo para o Partido Galeguista! ¡E a Patria Galega. ¡E Galiza.

Pensade en que o camiño é longo e guiarroxe. Ieri que aínda hay moitos cer'ros ensoitecidos, moitos corazóns pechados e moitas almas mortas.

Vosouros non habedes de fallar. So des galegos dos bós e xenarosos.

¡Ei Galiza, que tes de traxafar!

CAFES  TES

Casa especialista en cafes express y mezclar para familias Reparto a domicilio

FIDEL GARCIA y Cia.  
Torrificación y ventas:  
SALTA 1756 - U. T. 23-6784  
Sucursal Belgrano:  
JURAMENTO 2816 - U. T. 73-2684

Ferretería, Pinturería y Herrería  
"LA NUEVA DEFENSA"

de  
J. PELETEIRO RIAL

Herramientas de calidad  
Dibujos y vistas para calar  
Se arreglan calentadores, se hacen llaves, se colocan vidrios.

DEFENSA 1185 cor. con C. JUAN  
U. T. 35, Avda. 6452 - Bos. AIRES

Axudando a quen nos axuda, fai galeguismo.

Almacén "Don Quijote"

COMESTIBLES E BEBIDAS  
DE CONFIANZA

ALSINA 1001 - Buenos Aires

SASTRERIA DE MEDIDA

de  
GONZALEZ

Trabajo fino - Precio barato

BOLIVAR 1146 - U. T. 35, Av. 6706

"LA POPULAR"

— CIGARRERIA POR MAYOR —

MANUEL POSSE

PICHINCHA 1574 - U. T. 23-2900

Chame ó galego máis técnico en radio, por teléfono a

33, Avenida 8631

ANTONIO DEBESA  
CARLOS CALVO 284

XABON DE SALES DE

**A TOXA**

UNICO NO MUNDO

As suas propiedades naturais garantizan a beleza do seu cutis

LAVESE SEMPRE CO-EL

Concesionarios exclusivos: POLLEDO & Cia.

BANCO ESPAÑOL DEL  
RIO DE LA PLATA

TEN CORRESPONSALES  
EN TOD-OS  
POBOS DE GALIZA

—Hónrenos coa sua conta—

s e  
ña  
Andrés  
es pi-  
soana:  
ocrati-  
se que  
en no  
o pue-  
a po-  
nal y  
lógica-  
ondes,  
er más  
ueblos  
an Es-  
ilegio  
cional  
nacio-  
o dije  
as, ós  
Bmé.  
en col  
pen-  
Nir.  
amos  
bon hora  
ra ser ga-  
unia forza  
dade. In-  
secución  
nabos pol-  
e tristu-  
ña ós ca-  
zarnos na  
e nos per-  
Galicia  
niente pra  
ca galega.  
nda un c  
na gale-  
ai ve-  
a, axu-  
almente  
liza: a  
DEZ  
ITORES  
os  
de  
MOS  
Z  
AIRES  
O  
SA 3588

# AFIRMACION D'IDEAS

## ESQUERDISMO E DIREITISMO POLITICO

Desde algún tempo a acá tense pranteado un debate ó Partido Galeguista entre esquerdismo e direitismo, por prumas de Galicia, por prumas de Montevideo e, tamén, de Bós Aires. É un debate en que nos non queremos nin debentamos estar. Unha día: o Partido Galeguista "tivo" que convencerse e vir o esquerdismo español. Moi ben. Pero, logo, engadente: "En Bós Aires non hai nada que ser esquerdistas ou nacionalista separatista". Baco, francamente, é un lixeiro como equivocado, pero aló abala. Agora sigamos co que dicíronos: "O apoio pra Autonomía no poderá conseguirlo o Partido Galeguista inclinándose d'unha maneira franca pra dereita ou pra esquerda. En Galicia son necesarios dous partidos, un de dereita e outro d'esquerda"...

Escribir omeor d'outra cuestión derradeira — que ven d'outra patria galega e d'unha pruma sinificada — é o que interesa e abonda pra contestar ós primeiros.

Entendemo que a misión principal, constitutiva, do Partido Galeguista é volver polo sentimento racial galego, ou nacionalizar a Galicia. E isto interesa, entre varias cousas, porque está espazando o motor activo, xaxial, creador do noso país; porque, sin isto, está abafada a natural manifestación estética e toda a sante ansa como hipotética a escravitude negatoria e degradante da cultura aliea. É ou non é a Autonomía integral pra que Galicia saia o mundo cun pe stu? Pois esta Autonomía é unha obra de revolucionar — de revolución sin escarpas, cremos —, pero a revolución non é obra de dereitas.

Por isto non se debe propoñer, nin entre liñas, a aspiración de que o Partido Galeguista deise de ser o que é: un partido d'esquerda.

Si se deixar de contestar ó segundo, mas xa a responderle ó primeiro.

Pre nos, o esquerdismo non é d'imporación, nin é siquera español; o esquerdismo galego é un fillo racial e económico de nosa Terra.

Cando dicimos revivir raza, dicimos criar empresa e revolucionar produción. Cando dicimos categorizar cultura galega, propoñémolos que o pobo noso s'antigue d'originalidade reuménica e rompa, d'unha vez, sin contadureas, sin emprustes fillastros, ó destino de liberdade económica que lle comprou ó impulso individual e de reterea d'ideación.

Pre o Partido Galeguista — creémolos — interpretar o pensamento — non só lo os prabas, tamen os ricos teñen cadenas. Hai en todos a unha, con máis e con menos, cadeas de raza, que son d'atrasgo moral e cadeas económicas, que son de virvidume e de postación. Qué significa pra os ricos, polo d'hoxe, as prabas vieiras ferrouristas, ou dirixidas d'outro ou d'Emilio Iglesias? Significa hipotecado ós fillos o d'entregado vivo dos negocios e toda a galega riqueza. Significa apoucarlles o sentimento e o coraxe de deixar de ser moes-

tros d'obra, polo medo ó traballo que impón arrigala pedra na canteira. Non hai máis que un partido necesario, un partido libertador, un partido firme, resolto, sin claudicación, un partido onde caberán todos os galegos por moito tempo, un partido d'esquerda é o Partido galeguista.

Parécenos, con respecto, que o erro de pensar d'outra xeito nace de confundir a tarefa aliancista do Comité Autonomista de Santiago, sin "francas inclinacións a dielta nin a esquerda", puramente executiva, hastra desvala como aluna de loita pra Partido Galeguista. Non queremos un partido a dúas caras, queremos un partido bravo, un partido home que reche a entraña fecunda de Galicia.

Tocante á bulla, a "isa mocidade que insulta ó lucero da alba", escribímos dende moi lonxe, coa tranquilidade dos que non poden dar un pau, coa pena de que damos poucos, moi pouquiños pesos; pero tamén nos parece da foca literaria: temos acá representantes novos e valiosos que insultan así e cambau de conduta cada día.

Recomendamos a todos, co egoísmo desinteresado que dá a patria á distancia, a sumarse e non esgazar. Vellon ó novos, d'acó e d'aló, tonies que comprender d'unha vez a necesidade política rebelde en que estamos, de rearmar Galicia.

Esquerdismo galego pra o noso partido significa económica e racialmente, atención as nosas populares necesidades e liberdade pra refacer o destino do noso pobo. Co esquerdismo español é natural que nos demos unha man, unha man sola, sin confusión, no camiño.

Que se comprenda ben que o Partido Galeguista non é un máis pra escarriñar grillas de cadeas, nin tampouco un partido hermafrodita.

### Váha eisurición que lle fai honor a Alvaro das Casas

#### A nosa opinión galeguista

Alvaro das Casas, o distinto escritor e mestre galego, acaba de mandarnos unha atenta carta referíndose a un artigo en que nós comentábase o anuncio que se v'ía facendo da súa visita a Bós Aires con motivo do Congreso Eucarístico, no que nos di o seguinte:

"Señores Rexentes da "OPINION GALEGUISTA": Saio da canda, onde pasei 19 días suxiño ó consello de guerra sendo finalmente posto en liberdade co meu proceso sobreselido, e atópome co seu xornal onde me adican verbas que, por saídas de galegos, magoarme d'abondo.

"Sinto que a miña conferencia na Universidade e as organizacións Ultraya sexan pra vostedes cousa cativa e miada, mais non teño que lle facer. Da que si o resto, é de que, destacado que fun xentilhome, non tivuran a nobreza de en-

## Ultraya conmemora o aniversario do Mariscal Pardo de Cela

O 17 de Decembro, h. 21 e 30, na Casa de Galicia San José 224

### Acto público artístico e cultural

Pra as entidades galeguistas é a figura do mariscal Pardo de Cela, atado á cadea da Frouseira e decapitado, o símbolo do martiroloxio sempiterno da nosa Terra.

Dende os Reinos Católicos a acá, non é Pardo de Cela, é Galicia a que ven agrilloada á cadea da Frouseira.

Os Reinos Católicos andaban na tentiva de centralizar a España e constituir o primeiro Estado moderno europeo. Galicia segues con Pardo de Cela e foi en Pardo de Cela asoballada. Os Reinos Católicos defendían, máis ou menos, as liberdades dos individuos fronte á nobreza en absoluto desmando; pero os individuos non se libertan desraliándose do seu grupo humano. O Estado moderno hispáol constitúese a repelo natural e c'un profundo erro: Galicia apartou os individuos, e así se exportar estes no valor humano e vivo do grupo, no valor inconcensurabile do conxenio seu e de raza.

Os galeguistas vinnos, e veremo todos os galegos, que temos perdida Galicia pra Galicia e Galicia pra España.

No 17 de Nadal, co ánimo varil galego de reconquistación, os e teñen no cepo da Frouseira, por que o Mariscal da guerra. Da galegos será o escoller: un camiño de libres ou unha inominia d'escravidão.

gadir que fun e único que devolein no rei tal mercede dous anos denantes da queda da monarquía e cando tal texto supuña non pouco perigo, certamente; e de que se diga que ainda no goberno de Berenguer eu non sabia que facer, cando dende o corlor da noite de San Xohan non houbo conspiración na que non traballase eu, vendome periculado a renunzar ao meu destino e a correr un camiño de final ben incerto e problemático; e que teñan caquido que, contando en Madrid coas millores editoriais nas que pubriquei non poucos libros, me afastase delas pra facer na miña lingua tantas obras publicas. En fin: o máis sorprendente é que sendo vostedes adidos do Partido Galeguista — que é de supor estimen en algo — se teñan esquecido de que eu fun dos seus fundadores e primeiros conselleiros.

"Fago o sacrificio de evitar máis comentarios e deséxolles que, co corazón na Patria, teñan sempre a conciencia tan tranquila como a teño eu, e como eu se sintan sempre tan ledos da obriga satisfeita.

"Seu afeutisimo, Alvaro das Casas. — Comportela 1-11-34."

Agradécémolles ao irmán as acarcacións que nos dá e a proba de consideración que nos dá das nosas desculpas, retirando nosoutros todo canto il di que lle resulta magoante e aceptando gustosos como boas as razóns que dá, si, como parece, il tamén reconece a xusteza do noso criterio, cada día máis probada, en favor de unha acción política seria, orgánica, solidaria e disciplinada dentro do Partido Galeguista.

MIGUEL PORTELA  
DESPACHANTE DE ADUANA  
Registro Nº 241  
ALSINA 1146 - Eec. 9 - Bs. AIRES

Non semos nós dos que aquí maonkan o seu nome pra escobrir falsas aparencias separatistas e insultar a todo o mundo sin coñecemento da responsabilidade; pelha contra, propoñémolos unha fraternas estimanza pra todos os galeguistas, e non tomamos en conta pequerías e pasadas areas de conduta, sen pra que ista agora non se repita, e sempre que a liberdade d'acción personal non veis en contra do afiancamento e da disciplina orgánica galeguista, de cual dependo, ó noso entender, a redención da patria galega.

### Banquete a Don Fernando García

Na noite do 17 do mes pasado a Casa de Galicia honrou c'unha coa a D. Fernando García. Na traxa de discursos que tivemos d'agoantar solo houbo de notarse unha formal advertencia do noso compañeiro Liño Pérez: según él a colectividá d'acó debería de tomar exemplo dos erros que as manías constructoras de grandes edificios ocasionaron á colectividá española en Cuba. Pra acá esta é, seguramente, unha idea estreñada. Os intereses superiores do Estado argentino poden ir tarde ou axiña a unha lei d'apropiación, pero teñan que perdel a razón e a xustiza que lle reconecemos pra que eles foran a un despozo d'intento.

Así e todo, a idea val pra que a colectividá — sobre todo a galega — tome consello da advertencia. Hai entre nos pouca edificación pra Galicia e hai, en troques, moita, moitísima frebe edificadora, se cada peligoso. Ogallá que a frebe non suba pra remela... Ogallá que os dirixentes das nosas institucións decatan que solo a patria resiste construcións culturais d'abandona permanente.